

RECUPERACIÓN SEGUNDO TRIMESTRE 3ª DA ESO.

Os alumnos que teñan suspenso o segundo trimestre de Xeografía e Historia de 3ª da ESO, terán a posibilidade de recuperalo entregando as seguintes actividades antes da data sinalada, **15 de maio del 2020**, no correo:

mdocoso@hotmail.com

Calquera dúbida ou aclaración ,non dubidedes en preguntar. Estou a vosa disposición para axudavos.Un saúdo.

1.Contesta as seguintes cuestións elixindo a opción correcta.

1. O absolutismo avogaba por ...

- a. A superioridade do poder dos parlamentos sobre calquera outro.
- b. A superioridade do poder do monarca sobre calquera outro.
- c. A igualdade absoluta de todos os estamentos.
- d. A superioridade do poder da Igrexa sobre calquera outro.

2. Que desencadeou a Revolución Gloriosa?

- a. A invasión de Inglaterra por María II e o seu marido Guillerme III de Orange.
- b. Os movementos sociais contra a república ditatorial de Cromwell.
- c. Os enfrontamentos entre a Cámara dos Lores e a Cámara dos Comúns no Parlamento inglés.
- d. Os intentos de Xacobe II Estuardo de impoñer o absolutismo en Inglaterra.

3. O mercantilismo defendía que ...

- a. Un reino era máis poderoso cantos máis metais preciosos posuise.
- b. Un reino era máis poderoso cantas máis mercancías exportase.
- c. Os escravos eran mercancía de gran valor.
- d. Todas as mercancías coas que comerciase un reino debían ser manufacturadas no propio reino.

4. Por que facía escala en África o comercio triangular atlántico?

- a. Para intercambiar as mercancías de menor valor por escravos para vender en América.
- b. Para intercambiar as mercancías polas materias primas que Europa necesitaba.
- c. Para intercambiar as mercancías de maior valor por escravos para vender en América.
- d. Para intercambiar produtos traídos de América como o millo ou a pataca por escravos.

5. A guerra dos Trinta Anos foi motivada por...

- a. A ocupación de territorios da monarquía hispánica por Francia.
- b. A negación da monarquía hispánica de recoñecer a independencia das Provincias Unidas.
- c. A prohibición da relixión católica no Sacro Imperio por Fernando II.
- d. Os recortes das liberdades relixiosas dos protestantes do Sacro Imperio por Fernando II.

6. A Paz de Westfalia supuxo ...

- a. A confirmación da liberdade relixiosa no Sacro Imperio, o recoñecemento da independencia das Provincias Unidas, o alzamento de Francia como poder hexemónico en Europa e a cesión de territorios aos protestantes.
- b. A desmembración dos territorios do Sacro Imperio, o engrandecemento dalgúns estados do Imperio e a confirmación do poder hexemónico da monarquía hispánica.
- c. A confirmación da liberdade relixiosa no Sacro Imperio, o recoñecemento da independencia das Provincias Unidas, a desmembración dos territorios do Sacro Imperio e o engrandecemento dalgúns estados do Imperio.
- d. O recoñecemento da independencia das Provincias Unidas, a confirmación da liberdade relixiosa na monarquía hispánica, o alzamento de Francia como poder hexemónico en Europa e o nacemento do Imperio sueco.

7. O duque de Lerma e o conde-duque de Olivares foron os validos máis importantes dos reinados de ...

- a. Filipe IV e Carlos II.
- b. Carlos I e Filipe II.

- c. Filipe III e Filipe IV.
- d. Filipe II e Filipe III.

8. A Unión de Armas pretendía que ...

- a. Todos os reinos, especialmente Castela e Aragón, proporcionase os mesmos soldados e impostos que Portugal.
- b. Todos os reinos, especialmente os de Aragón e Portugal, proporcionasen os mesmos soldados e impostos que Castela.
- c. Todos os reinos, especialmente os de Aragón e Portugal, proporcionasen a mesma man de obra e manufacturas que Castela.
- d. Todos os reinos, especialmente Cataluña e Portugal, proporcionasen os mesmos soldados e impostos que Castela e Aragón.

9. Quen sucedeu a Carlos II?

- a. Filipe de Anjou.
- b. Filipe IV.
- c. Carlos de Austria.
- d. O duque de Lerma.

10. Luís XIV construíu o palacio de Versalles para ...

- a. Demostrar o seu poder ás potencias estranxeiras.
- b. Afastarse dos tumultos de París e atraer á nobreza para controlala mellor.
- c. Afastarse dos tumultos de París e atraer os seus conselleiros e amigos máis íntimos.
- d. Atraer a nobreza e os seus conselleiros para xestionar mellor as guerras internacionais.

REBELIÓNS NO IMPERIO HISPÁNICO

2. Fai un breve comentario sobre o seguinte texto:

O duque de Sesa aprobaba a expulsións dos mouriscos do Albaicín; o que o dificultaban moito o Arcebispo e Luis Quijada, parecéndolles que sería imposible botar tanto número de xente das súas casas sen que houbera grandísimo escándalo; e o marqués de Mondéjar contradicía, dicindo que como se había de despoboar un reino como aquel, onde se perderían os froitos

da terra, que tan apropiada era para aquela nación, afeita a vivir entre serras, e a sustentarse con moi pouco, e tan impropia para os cristiáns. Estes días veu a Granada o licenciado Birviesca de Muñatones, do consello e cámara da súa maxestade, para asistir tamén preto da persoa de don Xoán de Austria [medio irmán de Filipe II]; ao cal ao principio non lle parecía bo medio botar os mouriscos da terra, polos inconvenientes de en diante; mais despois o presidente e o licenciado Bohorques trouxéronlle a súa opinión con moitas razóns. E o marqués de Mondéjar, vendo que xa o seu voto quedaba só, sen afastarse do primeiro parecer, veu querer o que todos, porque certo que eran moi grandes os danos que os mouros facían neste tempo [...].

LUIS DE MÁRMOL, *Historia de la rebelión y el castigo a los mouriscos del reino de Granada* (Tradución).

3. Une con liñas cada rebelión ao reinado en que transcorreu.

Rebelión as Xermanías	
Rebelión das Alpuxarras	Carlos V
Rebelión en Flandres	
Rebelión das Comunidades	Filipell
Rebelión de Aragón	

4. Completa os ocos en branco:

A rebelión de _____ deuse a causa do descontento coa monarquía polo seu autoritarismo ao quebrantar as leis do reino na súa acción de goberno.

A rebelión das _____ foi provocada pola opresión da nobreza no campo e a corrupción no goberno das cidades.

A rebelión das _____ foi unha protesta que se opoñía á adxudicación dos cargos máis relevantes do reino a nobres flamencos e do uso do diñeiro castelán para a elección imperial do rei.

A rebelión das _____ foi debida á pretensión de prohibir algunhas dos costumes mouriscas.

5. Define os seguintes termos:

Unión de Utrecht: Xermanías:

Alpuxarras:

Tregua dos Doce Anos:

Terzos: